



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

MEMORIA ANUAL DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

ANO 2020

Realizada por:	Revisada por	Aprobada por
Manuel Vázquez Hernández Maria José Blanco Lousame	Manuel Salgado Blanco	Sagrario Pérez Castellanos

ÍNDICE:

Lista de acrónimos

1. Obxecto
2. Actuacións realizadas polo Servizo de Intervención Ambiental
3. Persoal da Inspección Ambiental
4. COVID-19
5. Balance do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024
6. Balance do Programa de Inspección Ambiental
7. Inspeccións realizadas polos Inspectores Ambientais
8. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)
9. Inspeccións realizadas polo Organismo de Control Ambiental (OCA)
10. Indicadores Ambientais Programa 2020





LISTA DE ACRÓNIMOS

AAI: Autorización Ambiental Integrada.

APCA: Actividade Potencialmente Contaminadora da Atmosfera.

COV: Compostos Orgánicos Volátiles.

DOG: Diario Oficial de Galicia

EDAR: Estación Depuradora de Augas Residuais.

GFO: Garantía Financeira Obrigatoria.

IMPEL: Rede europea de autoridades ambientais para o desenvolvemento e aplicación da normativa ambiental (European Union Network for the Implementation and Enforcement of Environmental Law).

IPPC: Prevención e Control Integrados da Contaminación (Integrated pollution prevention – control).

OCA: Organismo de Control Autorizado.

RCD: Residuos de Construcción e Demolición.

REDIA: Red de Inspección Ambiental de España.

UPA: Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (Policía Autonómica).

IAG: Inspección Ambiental de Galicia





1. OBXECTO

Identificar e cuantificar as inspeccións levadas a cabo no ano 2020 e o grao de cumprimento do Programa de Inspección Ambiental de Galicia 2020. O dito Programa revisouse en xuño por mor do estado de emerxencia polo COVID-19.

Avaliar o grao de cumprimento do Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2019-2024.

2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

Durante o ano 2020, no Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

2.1. Planificación e Control

- ✓ Elaboración dos calendarios semestrais de acordo co Programa de Inspección Ambiental 2020, elaborado en decembro de 2019.
- ✓ Revisión do Programa 2020 en xuño.
- ✓ Elaboración de documentos e informes a petición da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.

2.2. Formación

- ✓ Xornada sobre aplicación GAIA, 2 horas. Inspectores ambientais, UPA, Persoal da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, implicado no uso da aplicación para solicitar inspeccións, ou consultalas.
- ✓ Sesións de formación sobre aplicación BEMUS, 32 horas (8 xornadas de 4 horas), para a xestión da calidade do Servizo de Intervención Ambiental. Teleformación dirixida ao comité de calidade.
- ✓ Xornadas de formación inicial para información do Programa de Inspección Ambiental do ano 2020 a UPA e persoal inspector ambiental. 2 horas cada sesión.
- ✗ Curso EGAP, de 20 h, sobre Casos prácticos de desviacións ambientais nas Inspeccións de actividades IPPC.





2.3. IMPEL e REDIA

- ✓ Participación activa dun inspector do Servizo de Intervención Ambiental nas seguintes actividades:
- 24- 28 de febreiro de 2020, marzo Todo o día reunións presenciais de IMPEL-REDIA CENEAM grupo traballo sobre granxas IPPC.
- 20 marzo 2020, venres 07:00 - 08:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL
- 6 de abril de 2020, lun 10:00 - 14:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL I&A
- 24 de abril de 2020, venres de 13:00 a 15:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL
- 19 de maio de 2020, 12:00 horas - 14:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL
- 22 de maio de 2020, venres 12:00 - 14:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL
- 8 de xuño de 2020, lun 13:30 - 14:30 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL IED-Agua
- 10 de xuño de 2020, mércores de 08:00 a 13:00 IMPEL Webminar para organizar subgrupos 2020
- 12 de xuño de 2020, venres de 08:00 a 13:00 Vídeo conferencia Grupo de dirección de IMPEL
- 15 de xuño de 2020, lun 13:30 - 15:30 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL IED & CE
- 25 de xuño de 2020, xoves 09:00 - 11:00 Videoconferencia IMPEL sobre o proxecto "Xestión de residuos e economía circular".
- 7 de agosto de 2020, venres de 10:30 a 14:00 Vídeo conferencia grupo de traballo IMPEL grupo de dirección de I&A
- 28 de agosto de 2020, venres de 08:00 a 10:00 Reunión virtual IMPEL Industria e Aire
- 17 de setembro de 2020, xoves de 10:00 a 13:30 Xuntanza virtual REDIA - IPPC. Explicación do proxecto IMPEL IRPP (MTDs de granxas)
- 24 de setembro de 2020, xoves Reunión virtual IMPEL Economía circular
- 8 de outubro de 2020, xoves de 12:00 a 14:00 Reunión do grupo de dirección de IMPEL Industry & Air
- 23 de outubro de 2020, venres de 14:00 a 15:00 Comité de Dirección do IED de IMPEL
- 30 outubro 2020, venres 09:00 - 13:30 Reunión do equipo de expertos de IMPEL I&A





- 5 de novembro de 2020, xoves 11:00 - 15:00 Obradoiro IMPEL DEI Cría intensiva de porcos e aves (IRPP)
- 17 de decembro de 2020, xoves 12:00 - 12:30 Reunión do MITECO sobre participación en proxectos IMPEL

O tempo de preparación, contacto e informe equivale a un total de 120 horas. A contribución total en especie en 2020, segundo os cálculos indicados no documento adxunto, ascende a un total de 16 días hábiles.

- ✓ Participación do persoal inspector do Servizo de Inspección Ambiental en diversos Grupos de traballo IMPEL (Rede de Inspección Ambiental en Europa):
 - Waste management and circular economy
 - Trend reversal in groundwater pollution
 - Management of mining waste, phase 2
 - End of life ships
 - Industry & air: supporting IED implementation 2020
 - Testing and Improving the planning tool for Inspections of Natura 2000 Sites
 - Eu action plan wildlife trafficking
 - Criterial for the assessment of enviromental damage, phase 2.

2.4. Responsabilidade Medioambiental

- ✓ Control e inspeccións das actividades de prioridade 2, segundo a Orde ARM/1783/2011 de 22 de xuño, que presentaron GFO conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental. Tamén algunha de prioridade 1 pendentes do ano anterior.
- ✓ Revisión e control das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño .





2.5. Xestión e mellora continua

- ✓ Control e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- ✓ Colaboración e coordinación co 112 en relación coa comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais.
- ✗ Nova aplicación informática *eGaiama Inspeccións*: Comezouse con esta nova aplicación pero, tras detectar erros na aplicación o día 1 de marzo, volveuse á aplicación antiga de *Inspeccións Ambientais*. O 1 de setembro comezouse a operar con *eGaiama Inspeccións* ao corrixirse na aplicación os erros detectados.
- ✓ Obtención do certificado dixital con pseudónimo para os inspectores do Servizo de Intervención Ambiental.

2.6. Publicación do Decreto 7/2020 de Inspección Ambiental de Galicia

- ✓ Preparación das Circulares derivados do novo decreto en materia e Actas de Inspección Ambiental e de Carnés de Inspectores Ambientais.
- ✓ Entrega dos novos carnés aos inspectores ambientais, en liña co Decreto 7/2020 de Inspección ambiental de Galicia.
- ✓ Preparación das novas Actas de inspección Ambiental para Inspectores ambientais e para UPA; e tamén as de toma de mostras.

2.7. Revisión do Manual de Inspección Ambiental de Galicia

- ✓ Revisión e actualización do Manual de Inspección Ambiental de Galicia, aliñado co novo Decreto 7/2020 de Inspección Ambiental de Galicia.

2.8. Calidade. Certificado ISO 9001:2015. Inspección Ambiental de Galicia.

- ✓ Reunión semestral do Comité de Calidade.
- ✓ Revisión do total dos procedementos de inspección ambiental.
- ✓ Renovación do Certificado ISO 9001 tras superar a auditoría externa do Sistema de Xestión da Calidade





3. PERSOAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Durante o ano 2020 a situación, para o cómputo de realización de inspeccións, foi de **16 inspectores ambientais** que están localizados en Santiago de Compostela e nas catro Xefaturas Territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

No ano 2020 produciuse os seguintes cambios no ámbito da Inspección ambiental:

- Un inspector ambiental dedícase ao control de traslados transfronteirizos de residuos.
- Unha inspectora na Xefatura Territorial de Lugo incorporouse no primeiro semestre do 2020. A formación desta nova inspectora foi levada a cabo por un inspector ambiental da Xefatura Territorial de Lugo, con ampla experiencia.
- O Xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental na provincia de Ourense incorporouse á Consellería de Presidencia, coordinación das emerxencias na provincia de Pontevedra, o día 1 de abril. Durante o ano 2020, a dita xefatura de servizo seguiu sen ocuparse.
- O día 25 de setembro de 2020 publícase no DOG o Decreto 161/2020 polo que se nomea nova directora de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
- A finais do mes de outubro prodúcese un cambio na praza da xefatura do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental na Xefatura Territorial de Coruña.
- O 1 de novembro xubíbase o xefe do Servizo de Intervención Ambiental, substituíndoo un inspector ambiental con ampla experiencia.
- A partir do 1 de novembro cóntase cun inspector ambiental menos (15) ao ocupar a xefatura do Servizo de Intervención Ambiental. O posto deixado polo inspector ambiental non foi cuberto ao longo do ano 2020





4. COVID-19

O día 13 de marzo declarouse a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do COVID-19.

Por mor da declaración deste estado de alarma e para evitar a propagación do virus, dende o día 13, tanto os inspectores ambientais, como os axentes da UPA e o persoal técnico da OCA modificaron a súa pauta de traballo no sentido que se indica:

◊ **Os inspectores ambientais**, Dende o 13 de marzo ata o 13 de maio:

- Soamente realizaron inspeccións “in situ” de inspeccións de emerxencia.
- Realizaron as seguintes tarefas en réxime de teletraballo:
 - Elaboración dos informes das inspeccións de emerxencia realizadas.
 - revisión dos procedementos e do Manual de Inspección ambiental.
 - Planificación e preparación das inspeccións que estaban programadas antes da publicación do estado de emerxencia, para no momento en que se puidera volver a realizar novamente as visitas “in situ”.

A reincorporación dos inspectores ambientais, ao ser declarados como servizos esenciais, realizouse na segunda quincena de maio de 2020 compaxinando igualmente co réxime de teletraballo para o estudo da documentación e elaboración de informes de inspección e procedendo á realización de inspeccións “in situ” coa frecuencia habitual.

◊ **Os Axentes da UPA**, ao priorizar os seus servizos á vixilancia COVID, tiveron parada total das inspeccións ambientais ata o mes de xuño que retomaron de maneira progresiva as inspeccións ambientais, combinando estas inspeccións con outras novas funcións asignadas pola administración galega en relación co COVID-19.

◊ **Os técnicos da OCA** comezaron a realizar as inspeccións na segunda quincena do mes de xuño.

No mes de xuño realizouse unha revisión do Programa de Inspección cun reaxuste do calendario de inspeccións a levar a cabo ata finais de ano, no que se tivo en conta a prioridade e tipo de inspeccións.

Na revisión, priorizouse a realización das inspeccións programadas a actividades IPPC e as inspeccións non programadas e reduciuse o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC.






5. BALANCE DO PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2019-2024

Actualmente está vixente o Plan de Inspección Ambiental 2019-2024, que se configura como un documento marco de carácter plurianual no que se sinalan o conxunto de obxectivos e actuacións definidas ao longo dun determinado período de tempo, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable.

A execución do Plan de Inspección execútase a través dos Programas de inspección ambiental anuais que o desenvolve.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións ambientais levadas a cabo nestes dos anos en vigor do Plan:




Tal como se indicou no apartado anterior, debido ao estado de emerxencia sanitaria, produciuse unha diminución do número de inspeccións ao longo do ano 2020, como se observa na gráfica.

Co respecto as inspeccións levadas a cabo polos inspectores ambientais, de acordo coa revisión do programa de inspección realizada no mes de xuño, reduciuse o número de inspeccións programadas non IPPC.






Na seguinte gráfica reflíctense o número e tipo de inspeccións:



Como se observa na gráfica, as inspeccións programadas non IPPC baixan a metade no ano 2020 porque neste ano priorizáronse as inspeccións programadas IPPC.

En relación ás inspeccións programadas IPPC, na seguinte gráfica reflíctense o grado de cumprimento dos condicionantes da Autorización Ambiental Integrada das actividades inspeccionadas:



Nestes dous anos non houbo ningunha inspección con grao de cumprimento Moi Baixo.






Como se indica no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 o criterio de valoración do grao de cumprimento da AAI ven indicado no seguinte cadro coa relación das desviacións atopadas na inspección e o grao de cumprimento correspondente:

LEENDA: GRAO DE CUMPRIMENTO DA AAI			
	POUCO RELEVANTES	RELEVANTES	MOI RELEVANTES
TOTAL	Non se atopan desviacións da AAI en ningún dos vectores ambientais ou as detectadas foron corrixidas durante a inspección		
MOI ALTO	1 - 3	0	0
ALTO	4 - 6	0	0
MEDIO	7 - 9	1 - 3	0
BAIXO	10 - 12	4 - 6	1 - 2
MOI BAIXO	>12	>6	>2

Na seguinte gráfica visualízase o grao de cumprimento nestes dous anos por sector de actividade:



Na gráfica obsérvase que hai diferenzas no grao de cumprimento segundo o sector de actividade inspeccionadas.





6. BALANCE DO PROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

Como xa se comentou anteriormente, por mor do estado de alarma polo COVID-19, o Programa de Inspección Ambiental 2020 tivo unha revisión no mes de xuño e posteriormente, de acordo co previsto nesta revisión, realizouse un reaxuste do calendario das inspeccións a realizar ata finais de ano.

Na revisión do mes de xuño, aprobouse a **diminución das inspeccións programadas a actividades non IPPC**, debido principalmente a tres razóns:

- Os dous primeiros meses do ano aproveitáronse para pechar inspeccións pendentes e non se puxeron novas inspeccións programadas para comezar a traballar coa nova aplicación GAIAMA e inspeccións o día 1 de marzo. Finalmente, por problemas técnicos, non estivo operativa ata o segundo semestre de 2020.
- O elevado número de inspeccións non programadas. Debido ao carácter mais urxente das inspeccións non programadas adían as programadas ou quedan pendentes para o seguinte ano.
- As inspeccións programadas IPPC son prioritarias por normativa europea e estatal ao estar regulada a frecuencia de inspección.

Nesta **revisión do mes de xuño**, aprobouse:


- Reducir o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC: subprogramas a xestores de RCDs, a actividades con GFO e en controis de estradas interiores.
- Eliminar as inspeccións a plantas de tratamento de residuos de asfalto e a fabricantes de tecnosolos, compost e fertilizantes. Estas últimas íanse facer en coordinación coa Consellería do Medio Rural para establecer inspeccións conxuntas.
- Realizar o final do ano as inspeccións a actividades de xestión de residuos co código 19.12.12, previstas inicialmente no calendario de maneira extraordinaria.
- As inspeccións previstas para o 2º semestre de traslado de residuos de estrada coa Garda Civil quedan pendentes da dispoñibilidade por ambas partes.





6.1. Inspeccións Realizadas

Segundo datos obtidos das aplicacións *Inspeccións Ambientais e GAIAMA e Inspeccions* o día 05 de marzo de 2021—No ano 2020 realizáronse un total de 1.445 inspeccións. Na seguintes gráfica reflíctese o número de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais, pola UPA e polos técnicos da OCA.



O maior número de inspeccións corresponde ás realizadas pola Policía Autonómica.

Nas realizadas polos inspectores ambientais inclúense as inspeccións a actividades con AAI, de especial complexidade.

As inspeccións de vixilancia ambiental son realizadas por unha entidade autorizada pola Administración para a realización de ensaios e medidas nos campos para os que estean acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). No ano 2020 en concreto foi no campo dos residuos (produtores de residuos).

A continuación se realiza o balance do Programa de Inspección Ambiental 2020, comparando o número de inspeccións previstas nos distintos Subprogramas coas inspeccións realizadas no ano 2020.






6.2. Inspeccións a actividades IPPC:

As inspeccións denominadas *verificacións ambientais* son as inspeccións periódicas a actividades IPPC con AAI para a comprobación dos condicionantes da AAI, segundo establece a propia normativa IPPC. Estas verificacións ambientais son inspeccións programadas de actividades IPPC con AAI e o seu alcance chega, salvo casos excepcionais, a todos os vectores ambientais comprendidos na autorización ambiental integrada (AAI).

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades IPPC co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:




Á vista destes datos hai que indicar que neste ano 2020, en relación coas inspeccións realizadas polos inspectores ambientais, houbo moitas inspeccións non programadas moi complexas que, dada a súa máxima prioridade, orixinou que se realizaran antes que as inspeccións programadas. Isto fixo que incrementase notablemente a carga de traballo dos inspectores ambientais.

As inspeccións a actividades IPPC que non puideron ser realizadas este ano, realizaranse no ano 2021, xunto coas que correspondan a ese ano.



**6.3. Inspeccións a actividades non IPPC:**

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades non IPPC co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



As inspeccións a actividades non IPPC programadas realizadas superan a previsión debido a que finalmente se realizaron máis controis de traslados de residuos en estradas interiores da comunidade autónoma dos que se estimaron na revisión de xuño. Estes controis concértanse coa Garda Civil e estimouse un maior descenso deles por mor da COVID-19. Tamén se realizan máis inspeccións a actividades con GFO (Lei de Responsabilidade Ambiental) das previstas.

No seguinte cadro, reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado nos distintos subprogramas de actividades non IPPC:

	PROGRAMADAS	REALIZADAS	PORCENTAXE
PROGRAMADAS NON IPPC	69	60	87%
COVs	10	8	80%
APCAs	15	1	7%
VERTEDOIROs (Non AAI)	4	2	50%
XESTORES RCDs	12	10	83%
GFO	9	19	211%
CONTROL DE RESIDUOS EN ESTRADAS INTERIORES GALICIA	10	13	130%
PRODUTORES DO RESIDUO LER 19.12.12	9	5	56%






O número de inspeccións non programadas, tanto a actividades IPPC coma a actividades non IPPC, supera amplamente ao número de inspeccións non programadas previstas na revisión do Programa de Inspección anual de 2020 do mes de xullo. O 40% das inspeccións non programadas realizadas polo persoal inspector ambiental foron inspeccións preceptivas.

6.4. Inspeccións de control de traslados transfronteirizos de residuos:

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas no suprograma de control transfronteirizo de residuos co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



Como se observa, as inspeccións de traslados transfronteirizos de residuos superan a previsión debido a que finalmente se realizaron máis controis de traslados de residuos en estradas fronteirizas e próximas á fronteira dos que se estimaran na revisión de xuño. Estes controis concértanse coa Garda Civil e co IGAMAOT portugués, e estimouse un maior descenso deles por mor da COVID-19.

As inspeccións de traslados transfronteirizos de residuos fanse a operadores que exportan ou importan residuos, en portos de interese xeral e en estradas transfronteirizas con Portugal. Estes últimos son de dous tipos e fanse en colaboración coa Garda Civil e a *Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território* (IGAMAOT) de Portugal.






O número de inspeccións previstas no subprograma de traslados de residuos transfronteirizos tamén foi reducido na revisión do Programa de Inspección Ambiental, en concreto, nas que se realizan a operadores, nas que se realizan en controis en estradas na fronteira e nas que se realizan en controis en estradas próximas á fronteira.

Finalmente, realizouse máis inspeccións en estradas próximas a fronteiras e en fronteiras das previstas, porque os controis de traslados transfronteirizos de residuos en estradas e fronteiras requiren da coordinación con outros corpos: Garda Civil de Tráfico, SEPRONA, GNR, IGAMAOT, fíxose unha estimación á baixa do número de inspeccións deste tipo que se podería levar a cabo no ano 2020, debido ás restricións establecidas por mor da COVID-19.

Decídese non levar a cabo inspeccións en Portos, pero auméntase no seu lugar o número de inspeccións a operadores que importan ou exportan residuos

Os datos destas inspeccións resúmense na seguinte gráfica:



Se se trasladan estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación ao programado, obténse a seguinte táboa:


Traslados transfronteirizos de residuos	Programados	Realizados	Porcentaxe
Operadores	5	9	180%
Portos	5	0	0%
Estradas fronteirizas e próximas ás fronteiras	6	13	216%





6.5. Inspeccións realizadas pola UPA:

Na seguinte gráfica reflíctese a mesma comparativa para as inspeccións realizadas pola UPA:



As inspeccións non programadas realizadas pola UPA corresponden a denuncias e investigación policial. Por parte dos axentes da UPA realizáronse un número moi elevado de inspeccións, tanto programadas coma non programadas.

Se se trasladan todos estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado, obtense a seguinte táboa:

	PREVISTAS NO PROGRAMA	REALIZADAS	Porcentaxe
ACTIVIDADES IPPC PROGRAMADAS	110	90	83%
ACTIVIDADES IPPC NON PROGRAMADAS	30	76	253%
ACTIVIDADES NON IPPC PROGRAMADAS	69	60	87%
ACTIVIDADES NON IPPC NON PROGRAMADAS	75	130	173%
TRASLADO TRANSFRONTEIRIZO DE RESIDUOS	16	22	138%
UPA PROGRAMADAS	280	889	318%
UPA NON PROGRAMADAS	70	100	143%
TOTAL	650	1367	210%

A elevada porcentaxe de inspeccións realizadas pola Policía Autonómica respecto do programado explícase pola estimación que se fixo á baixa na revisión de xuño do Programa de Inspección Ambiental, na que se tivo en conta que a UPA estaba a desenvolver novas funcións de control do cumprimento das medidas adoptadas para facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19. O persoal da UPA realizou un gran traballo nos últimos meses e conseguiu superar os obxectivos marcados.






7. INSPECCIÓN REALIZADAS POLOS INSPECTORES AMBIENTAIS

No ano 2020 realizáronse un total de 376 inspeccións por parte dos inspectores ambientais: 170 inspeccións programadas e 206 inspeccións non programadas.

Na seguinte gráfica reflíctense as 376 inspeccións realizadas polos inspectores ambientais segundo o tipo de inspección.



O número total de inspeccións non programadas, realizadas polo persoal inspector ambiental, foi de 206. As programadas foron 170. Estas cifras inclúen tanto as actividades suxeitas a AAI como as que non o están, e os controis de traslado transfronteirizo de residuos.

As inspeccións programadas comprenden: as verificacións ambientais (Inspeccións de actividades IPPC que dispoñen de AAI), inspeccións programadas ou rutineiras a actividades non IPPC e as de traslados de residuos transfronteirizos.

As inspeccións non programadas comprenden as inspeccións de oficio, preceptivas, reactivas, por emerxencia ou incidencia ambiental e de seguimento.

A continuación vaise detallar as inspeccións levadas a cabo segundo o tipo e instalación a inspeccionar: Inspeccións a actividades IPPC, inspeccións a actividades no IPPC e inspeccións de control de traslado de residuos.

Realizáronse 9 inspeccións por emerxencia por incendio.





Ademais , por parte do 112 comunicáronse 531 incidencias ambientais. A maioría eran competencia de Augas (vertidos), de Montes (incendios forestais) e Protección Natureza. Por parte da Inspección Ambiental, ademais das 9 inspeccións de emerxencia realizadas polos inspectores ambientais, por parte da UPA realizáronse 17 inspeccións.


7.1. Inspeccións a actividades con IPPC

7.1.1. Inspeccións programadas IPPC


As inspeccións programadas ás actividades con Autorización Ambiental Integrada (AAI) comprenden as comprobacións periódicas de cumprimento dos condicionantes da AAI. A frecuencia coa que se realizan as primeiras depende do Índice de Risco Ambiental: anual para as de risco alto, bienal para as de risco medio e trienal para as de risco baixo.

Nas seguintes gráficas obsérvanse as 90 verificacións ambientais realizadas no ano 2020, distribuídas por principais sectores de actividade na primeira, e por provincias na segunda.

**Verificacións ambientais por sector.
Ano 2020**




**Verificacións ambientais por provincia.
Ano 2020**






Ademais da inactividade anteriormente indicada neste tipo de inspeccións, nos primeiros meses do ano, indicar que este tipo de inspeccións requiren dun enorme esforzo previo de preparación debido á súa complexidade, e posterior na elaboración de informes e revisión da documentación recibida tras os requirimentos feitos ás actividades.

O grao de cumprimento dos condicionantes da AAI destas actividades inspeccionadas indícase na seguinte gráfica:




Na seguinte gráfica reflíctese o grao de cumprimento por sector de actividade:






7.1.2. Inspeccións non Programadas IPPC

O número de inspeccións non programadas realizadas a actividades IPPC foi de 76. A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas segundo sexan de oficio, reactivas (a partir de denuncias, principalmente), preceptivas (previas ao outorgamento dunha autorización) ou de seguimento.



A distribución de inspeccións non programadas a actividades IPPC en porcentaxe, apréciase na seguinte gráfica:






7.2. Inspección a actividades non IPPC

7.2.1. Inspeccións programadas a actividades non IPPC

Na seguinte gráfica reflíctese o número de inspeccións a actividades non IPPC:



No ano 2020 realizáronse inspeccións a actividades suxeitas a Lei de Responsabilidade Ambiental (actividades de prioridade 1 e 2) co obxecto de comprobar se realizaron a análise de riscos ambiental conforme aos criterios indicados na Guía Técnica aprobada pola Comisión Técnica de Prevención e Reparación de Danos Ambientais e comprobación do cumprimento da constitución de garantía financeira obrigatoria.

Realizáronse tamén inspeccións a plantas de RCDs para comprobar se cumpren os condicionantes da autorización ambiental, destino do árido reciclado e se manipulan materiais bituminosos. Como combinación destas inspeccións leváronse a cabo inspeccións a produtores con LER 19.12.12: Outros residuos (incluídas mesturas de materiais), procedentes do tratamento mecánico de residuos distintos dos especificados no código 191211*.

No ano 2020 continuouse coas inspeccións realizadas no 2019 en materia de atmosfera : actividades potencialmente contaminadoras de atmosfera (APCAs) e actividades que producen ou emiten compostos orgánicos volatís.







7.2.2. Inspeccións non programadas a actividades non IPPC

Realizáronse un total de 130 inspeccións non programadas a actividades non IPPC.

Na gráfica seguinte aparece o número de inspeccións de cada tipo: De oficio, preceptivas (previas a autorización), reactivas (a partir de denuncias, principalmente), por emerxencia ou incidencia ambiental e de seguimento.



Na seguinte gráfica reflíctese a porcentaxe destas inspeccións:



Obsérvase que case as metade destas inspeccións son inspeccións preceptivas (previas a outorgar unha autorización ou para dala de baixa).





7.3. Inspeccións de control de traslado de residuos

Neste apartado indícase as inspeccións levadas a cabo co obxecto de controlar o traslado de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia e comprobar que no transporte se acompaña á documentación requirida na normativa medioambiental.

De acordo coa normativa medioambiental e o Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2019-2024, o control realízase desenvolvendo os seguintes subprogramas:

- Inspeccións programadas a operadores que importen/exporten residuos dende/cara Estados membros da Unión Europea
- Inspección en Portos: inspeccións de colaboración e/ou apoio que se solicite pola Administración Xeral do Estado en importacións ou exportacións de residuos a países non pertencentes á Unión Europea. No ano 2020 non se realizou ningunha inspección deste tipo.
- Inspeccións en estradas, que se dividen en:
 - *en fronteiras ou estradas próximas ás fronteiras.
 - *en estradas do interior da Comunidade Autónoma de Galicia.


Nestas inspeccións levadas a cabo neste apartado, compróbase que a documentación que acompaña ao transporte de residuos sexa a requirida na normativa ambiental:

- Se é un traslado de residuos entre Estados membros da Unión Europea, compróbase que o transporte leve o Anexo VII que se indica no Regulamento CE Nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 14 de xuño do 2006, relativo aos traslados de residuos.
- Se é un traslado de residuos polo territorio de España, compróbase que o transporte leve o Documento de identificación de acordo co Real Decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado. Indicar que a partir do 1 de xullo do 2020, derrógase esta norma e entra en vigor o Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.





No ano 2020 realizáronse as seguintes inspeccións:



7.3.1. Inspeccións a operadores

Nestas inspeccións compróbanse en cada operador os expedientes de importación/exportación de residuos autorizados do ano en curso e do ano anterior e faise unha mostraxe dos documentos de movementos dos residuos para comprobar se realizan unha correcta xestión, e se levan o Anexo VII, de acordo co Regulamento comunitario Nº 1013/2006.

En relación as nove inspeccións levadas a cabo en operadores, comprobouse que en cinco estaban realizando unha correcta xestión de exportación/importación de residuos, en tres deles os operadores debían corrixir a documentación da xestión do traslado e nunha inspección comprobouse que estaba a incumprir a normativa ambiental de traslado de residuos.

7.3.2. Inspeccións en fronteiras ou estradas próximas ás fronteiras

Este tipo de control desenvólvense en dúas liñas de actuación da inspección ambiental:

- En fronteiras con Portugal (en Valença do Minho e Chaves), nun dispositivo múltiple no que interveñen a Garda Civil de Tráfico, axentes do SEPRONA, axentes do Servizo de Protección da Natureza e do Ambiente de Portugal (SEPNA da GNR), Inspectores ambientais de Portugal (IGAMAOT) e a Inspección Ambiental de Galicia.
- En colaboración coa Garda Civil cos seus controis de movementos transfronteirizos en estradas próximas ás fronteiras, dentro do Programa chamado Operación Augias, nun





dispositivo integrado pola Garda Civil de Tráfico, axentes do SEPRONA e a Inspección Ambiental de Galicia.

Neste tipo de controis compróbase a documentación que acompaña ao camión que traslados os residuos e que dita documentación conte cos datos requiridos no Anexo VII do Regulamento comunitario Nº 1013/2006.


7.3.3. Inspeccións en estradas interiores de Galicia

O obxecto deste control é comprobar o traslado de residuos dentro da Comunidade Autónoma e como complemento tamén do subprograma de control de xestores de residuos.

Estes controis forman parte dun dispositivo múltiple no que interveñen a Garda Civil de Tráfico, axentes do Seprona e a Inspección Ambiental.

En cada control compróbase a documentación que acompaña ao camión que traslada residuos e que dita documentación conte cos datos requiridos no documento de identificación descrito no Anexo III do Real Decreto 553/2020.

Como resultado das inspeccións por estradas, na seguinte gráfica reflíctense o número de camiós parados, o número de camiós que transportaban residuos e aqueles que tiñan infraccións ou incidencias á normativa medioambiental.





Na seguinte gráfica reflíctense o tipo e porcentaxe dos incumprimentos detectados nos camións parados nos controis realizados:



Como se observa, a maioría das infraccións son:

- Non acompañar o Anexo VII (nos traslados transfronteirizos) ou Documento de identificación (nos traslados nacionais) no traslado de residuos.
- Levan o documento pero presentan deficiencias como datos incompletos ou erróneos (como data efectiva do traslado, tipo e destino do residuo).






8. INSPECCIÓN REALIZADAS POLA UNIDADE DE POLICIA AUTONOMICA (UPA)

As seis sedes da UPA (A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo) realizaron un total de 989 inspeccións. Destas, 889 foron inspeccións programadas e 100 non programadas.

O groso das inspeccións programadas realizadas pola UPA corresponde aos subprogramas de vertedoiros incontrolados e de talleres de reparación de vehículos, tal como se observa na seguinte gráfica:



En relación as inspeccións a vertedoiros incontrolados compróbase que moitos dos vertedoiros atopados no ano anterior están limpos pero aparecen outros puntos de vertedoiros. A maioría destes vertedoiros son residuos asimilables a urbanos, polo que dase conta ao concello correspondente, para que dentro da súa competencia, xestione os residuos depositados ou requira ao titular da parcela a súa xestión.

En relación as inspeccións a talleres, obsérvase o traballo realizado pola UPA nestes anos xa que a maioría dos talleres están inscritos como pequenos produtores de residuos perigosos e xestionan axeitadamente os residuos que xenera.

Das 100 inspeccións non programadas, 67 inspeccións foron realizadas por denuncias de particulares, ben por chamadas as dependencias da UPA ou por chamadas ao 112. A maioría son por vertedoiros incontrolados de residuos, xeralmente de residuos asimilables a urbanos.






9. INSPECCIÓN REALIZADA POLO ORGANISMO DE CONTROL AMBIENTAL (OCA)


No ano 2020 os técnicos da OCA realizaron inspeccións a empresas que producen residuos non perigosos e/ou perigosos. Os sectores inspeccionados neste ano foron: conserveiras, fabricación de pezas metálicas, fabricación de pezas de plástico, fabricación de pezas de papel-cartón.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións levadas a cabo:



Nestas inspeccións comprobouse que a **maioría** das empresas non realizan unha correcta xestión dos residuos xerados.

Na seguinte gráfica reflíctense o resultado obtido:





10. INDICADORES AMBIENTAIS PROGRAMA 2020.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia empréganse dous tipos de indicadores: os indicadores de actividade e os indicadores de resultados.

Os **indicadores de actividade** proporcionan información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten avaliar a eficacia, ou capacidade de alcanzar os obxectivos propostos, e a intensidade do traballo da inspección ambiental.

Os **indicadores de resultados** proporcionan información sobre o aporte da IAG ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

A avaliación de resultados permite valorar a eficiencia, ou capacidade pola IAG de reforzar o cumprimento da normativa ambiental (Outcomes).

10.1. Indicadores de actividade:

Realízanse indicadores de actividade, que sintetizan a información sobre o número de inspeccións realizadas, tempo en realízalas e desviacións do número de inspeccións programadas (Outputs) das inspeccións realizadas.

Os indicadores de actividade empregados son:

I. Inspeccións anuais realizadas.

Este indicador é o número de inspeccións realizadas no ano.

O obxectivo a conseguir é que cada ano se realicen un mínimo de 400 inspeccións polos inspectores ambientais, e que o número total de inspeccións a realizar (inspectores + UPA + OCA) sexa superior a 2.000 inspeccións ambientais.

Coa revisión do programa do ano 2020, dadas as excepciónais circunstancias acontecidas, o obxectivo das inspeccións a realizar polos inspectores reduciuse a 295, e o número total de inspeccións reduciuse a 730 inspeccións.





No ano 2020 o número total de inspeccións ambientais coordinadas pola IAG foi:

Número de inspeccións coordinadas pola IAG en 2020	2020
Tipo de inspección	
Inspeccións programadas non IPPC	170
Inspeccións Non programadas - Oficio	35
Inspeccións Non programadas - Preceptiva	88
Inspeccións Non programadas - Reactiva	44
Inspeccións Non programadas - Seguimento	30
Inspeccións Non programadas – Emerxencia ou incidencia ambiental	9
Inspeccións Programadas IPPC	90
Total Inspectores ambientais	376
Investigación policial	989
Vixilancia ambiental	80
TOTAL INSPECCIÓN S AMBIENTAIS	1.445

Nº de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais: 376

Obxectivo: 295.

Porcentaxe de cumprimento do indicador: 127%

Nº total de inspeccións realizadas: 1445.

Obxectivo: 730.

Porcentaxe de cumprimento do Indicador: 198%

II. Cumprimento do Programa de inspección.

Indicador que reflicte si se cumpriron os obxectivos indicados no Programa de Inspección Ambiental. Este indicador reflicte paralelamente a calidade da planificación realizada.

Asociados a estes obxectivos atópase o Grao de Cumprimento que se expresa coma unha porcentaxe e que sería para cada subprograma o cociente das inspeccións que realmente se realizan entre o número fixado como obxectivo.

A meta a conseguir é realizar un **80%** de inspeccións en cada Suprograma.





cumprimento	90-100%	80-89%	70-79%	60-69%	< 60%
resultado	Excelente	Moi bo	Bo	Acceptable	A revisar

No ano 2020 a porcentaxe do cumprimento do programa:

A.- INSPECTORES AMBIENTAIS

Subprograma	Programa 2020	Revisión Xuño	Realizadas	Porcentaxe (Programa)	Porcentaxe (rev xuño)	Resultado (rev xuño)
Actividades IPPC Programadas	110	110	90	83%	83%	Moi Bo
Actividades IPPC Non Programadas	40	30	76	190%	253%	Excelente
Actividades Non IPPC Programadas	100	69	60	60%	87%	Moi Bo
Actividades Non IPPC Non Programadas	140	75	130	93%	173%	Excelente
Traslados Transfronteirizos Programadas	33	16	22	67%	138%	Excelente

Non houbo ningunha inspección de traslado transfronteirizos Non Programadas.

Obsérvase que se superou o obxectivo mínimo do 80% en cada Subprograma.

B.- UPA

Nas inspeccións realizadas pola Policía Autonómica superouse o 100% do planificado:

- Programadas: 318%
- Non programadas: 143%

C.- OCA

Por parte da OCA realizáronse todas as inspeccións planificadas:

Inspeccións programadas: Cumprimento 100%

III. Indicador de prioridade e tempos

Este indicador valora o tempo de realización da inspección tendo en conta as prioridades de cada inspección.

Caso especial son as inspeccións programadas a actividades con AAI. Nestas inspeccións xa está programada a realización dunha verificación por mes para cada inspector/a.





Nas demais inspeccións, dependendo da prioridade que leve asociado unha inspección, unha vez solicitada a inspección, deberase realizar no periodo de tempo que se indica na seguinte táboa:

Prioridade	Urxente	Prioridade 1	Prioridade 2	Normal
Tempo	< 5 días	< 30 días	< 60 días	<90 días

No ano 2020, por motivo do Covid, cumpriuse o 100% do grao de cumprimento das inspeccións de emerxencia o moi urxentes. Nas demais inspeccións non se tivo en conta este indicador dado a situación de emerxencia sanitaria.

IV.- Eficacia da inspección ambiental en actividades con AAI

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección ambiental nas inspeccións programadas a actividades con AAI e a emenda das desviacións atopadas entre a visita de inspección e o informe definitivo da verificación ambiental.

O obxectivo deste indicador é acadar un 75% de subsanación de desviacións.

Das 90 inspeccións programadas a actividades con AAI, en 62 inspeccións atopáronse desviacións na visita de inspección. Destas 62 verificacións, o titular da actividade presentou a enmenda das desviacións total ou parcialmente en 27 verificacións. Isto supón un **44%** de subsanación de desviacións.

V.- Eficacia da inspección ambiental en inspeccións de seguimento

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección nas inspeccións non IPPC e indica a subsanación das deficiencias nas inspeccións de seguimento.

O obxectivo deste indicador é poder acadar un 50% de subsanación de desviacións.

No ano 2020 se realizaron 21 inspeccións de seguimento a actividades non IPPC. Destas inspeccións un **48%** subsanaron totalmente ou parcialmente as deficiencias atopadas na inspección inicial.

10.2.-Indicadores de resultados.

Os indicadores de resultados refírese ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 e son os seguintes:

A. Grao de cumprimento das actividades con AAI

Este indicador avalía o resultado das verificacións ambientais, de acordo coa valoración do grao de cumprimento: Total, moi alto, medio, baixo e moi baixo.





Grao de cumprimento da AAI	Total ou Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi baixo
% actividades				<20%	
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador no Programa anual é conseguir que o % das actividades con grao baixo e moi baixo sexa <20%.

O indicador no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 é a media do grao de cumprimento. O valor obtido se engadirá ao sumatorio indicado en dito Plan.

No 2020 os resultados son:

Grao de cumprimento da AAI	Total	Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi Baixo
Nº actividades	23	18	4	28	11	0
% actividades	49%		5%	33%	13%	0%
Puntuación	5		4	3	2	1

Como se observa na táboa, o % do grao de cumprimento baixo e moi baixo foi un **13%**, polo que se conseguiu o obxectivo <20%.

B. Cumprimento da normativa ambiental para actividades non IPPC

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao Servizo xurídico.

O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviada a xurídico polo total de inspeccións realizadas.

% expedientes sancionadores non IPPC	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moia mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.





Por mor dos problemas da implantación da aplicación informática GAIA e-Inspeccións no ano 2020 non se pode valorar rigurosamente o indicador das inspeccións que se trasladaron aos servizos xurídicos.

Pódese indicar o número de expedientes sancionadores iniciados no 2020, en cómputo global.

C. Cumprimento da normativa ambiental para traslados de residuos

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao servizo xurídico.

O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviada a xurídico polo total de inspeccións realizadas.

% expedientes sancionadores de traslado residuos	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moia mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

Estes tres últimos indicadores terase en conta para o Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 e engadirase ao sumatorio reflectido en dito Plan.

No 2020 no control de traslado de residuos se pararon 122 camiões con residuos e se realizaron inspeccións a 9 operadores. Dos 122 camiões pasáronse a xurídicos 43. Das 9 inspeccións realizadas a operadores, pasouse a xurídico 2 inspeccións por incumprimento na xestión.

Como resultado das inspeccións levadas a cabo, o número de expedientes incoados no ano 2020 foi :

- Expedientes incoados en materia de residuos por inspeccións levadas a cabo pola Inspección Ambiental: 30
- Expedientes incoados en materia de residuos por inspeccións levadas a cabo pola UPA: 69. A estes expedientes hai que engadir actuacións previas iniciadas pola UPA que serían 46.
- Expedientes incoados en materia IPPC por inspeccións levadas a cabo pola Inspección ambiental: 8.

En cómputo de porcentaxe sería un 7% de expedientes incoados por inspeccións levadas a cabo en materia de residuos e un 9% de inspeccións en materia de IPPC.

